


Folleto informativo

Eleccións municipais

28 de maio de 2023



Que pasos debo seguir para votar por correo?





Para que é este folleto?

Neste folleto explicamos os pasos para votar por correo.

Algunhas persoas non poden ir a votar ao local electoral o días das eleccións, por exemplo:

- Porque están de viaxe.
- Porque teñen unha enfermidade e non poden saír da súa casa.

Recorda que ao local electoral tamén se lle pode chamar colexio electoral.

Este ano as eleccións municipais son o domingo 28 de maio do 2023.

Tamén podes votar por correo cando non podes ou non queres ir ao local electoral o día das eleccións.

Nas seguintes páxinas podes ler os pasos para votar por correo.



Pasos para votar por correo

PASO

1

Pide o voto por correo

Para pedir o voto por correo

tes que cubrir e presentar unha solicitude.

Podes cubrir e presentar esta solicitude de 3 formas:

1

Podes pedir a solicitude

en calquera oficina de Correos.

Podes cubrir a solicitude na oficina de Correos ou levala para a casa.

2

Podes cubrir a solicitude no ordenador.

Despois de cubrir a solicitude tes que imprimila, asinala e entregala en calquera oficina de Correos.

Podes cubrir a solicitude de voto por correo neste enlace:

<https://n9.cl/zuctn>

3

Podes cubrir e enviar a solicitude por ordenador sen ir a unha oficina de Correos.

Só as persoas con sinatura electrónica ou DNI electrónico poden enviar a solicitude á oficina de Correos por ordenador.

Podes cubrir e enviar esta solicitude neste enlace:

<https://n9.cl/15mz>

Só podes elixir 1 forma para cubrir e presentar esta solicitude.

O último día para presentar esta solicitude

é o xoves 18 de maio do 2023.

**PASO
2****Entrega a solicitude nunha oficina de Correos**

Se non enviaches a solicitude por ordenador debes entregala cuberta e asinada en calquera oficina de Correos.

Debes entregar a solicitude en persoa.

Tes que levar o teu DNI, carné de conducir ou pasaporte para poder entregar a solicitude.

O documento ten que ser o **orixinal**.

Se non podes ir en persoa á oficina de Correos pola túa discapacidade ou por algunha enfermidade pode ir outra persoa por ti.

Esta persoa ten que levar un certificado médico e un permiso do notario para poder entregar a túa solicitude.

O certificado médico pode facelo o teu médico.

Nese certificado o teu médico ten que explicar por que non podes ir á oficina de Correos.

O notario ten que dar permiso á persoa que ti elixas para entregar a túa solicitude na oficina de Correos.

O notario fai o permiso gratis.

O último día para presentar esta solicitude é o xoves 18 de maio do 2023.

PASO**3****Recibes os documentos para votar por correo**

A partir do día 8 de maio do 2023
recibes na túa casa unha carta certificada
cos documentos que necesitas para votar por correo.

Se recibes estes documentos
a túa solicitude foi aceptada.

Esto significa que xa non podes votar no local electoral
o domingo 28 de maio do 2023.

Ensina o teu DNI, carné de conducir ou pasaporte
ao carteiro ou carteira para recoller a carta certificada.
O documento ten que ser o **orixinal**.

Se non estás na casa cando chega a carta certificada
o carteiro ou carteira deixa un aviso
na túa caixa de correo.
No aviso pon a oficina de Correos na que está a túa carta.

Se non podes ir en persoa á oficina de Correos
pola túa discapacidade ou por algunha enfermidade
pode ir outra persoa por ti.
Esta persoa ten que levar
un certificado médico e un permiso do notario
para pode recoller a carta certificada.



Dentro da carta certificada hai os seguintes documentos:

- Unha folla onde se explica como votar por correo.
- Papeletas de todos os partidos políticos que se presentan no teu concello.
- Un sobre branco para meter a papeleta do partido político que elixas.
- O certificado de inscrición no censo electoral. O censo electoral é unha lista onde aparecen as persoas que poden votar.
- Un sobre oficial para meter os documentos.



PASO

4

Prepara o teu voto

Debes meter no sobre branco

a papeleta do partido político ao que queres votar.

Recorda que tamén podes votar

en branco ou nulo.

O sobre oficial é o sobre no que aparece

a dirección do teu local electoral.

Neste sobre tes que meter os seguintes documentos:

- O certificado de inscrición no censo electoral.
- O sobre branco coa papeleta do partido político que elixiches.
É importante que este sobre vaia ben pechado.



**PASO
5****Entrega o sobre oficial nunha oficina de Correos**

Entrega o sobre oficial en calquera oficina de Correos.

O voto por correo mándase por correo certificado.

Mandar o teu voto por correo é gratis.

Leva o teu DNI, carné de conducir ou pasaporte.

O documento ten que ser o **orixinal**.

O 24 de maio do 2023

é o último día para entregar o teu voto
na oficina de Correos.

Se non podes ir en persoa á oficina de Correos
pola túa discapacidade ou por algunha enfermidade
pode ir outra persoa por ti.

Esta persoa ten que levar
un certificado médico e un permiso do notario
para poder entregar a túa solicitude.

O certificado médico pode facelo o teu médico.
Nese certificado o teu médico ten que explicar
por que non podes ir á oficina de Correos.

O notario ten que dar permiso á persoa que ti elixas
para entregar a túa solicitude na oficina de Correos.

O notario fai o permiso gratis.

**Noraboa,
xa votaches**



Quedouche algunha dúbida?

Se despois de ler esta información
aínda tes dúbidas sobre o voto por correo
podes mandar un correo electrónico
a areasocial@fademga.org
ou chamar ao 981 51 96 50.





**© TEU VOTO
CONTA!**



FADEMGA



www.fademga.org